

INFORME DE TESOURERÍA Nº 29-2016 DO 1º TRIMESTRE DE 2016 DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS LEI 15/2010.

ANTECEDENTES:

Os datos reflectidos no informe de morosidade do 4º trimestre de 2015 son os seguintes:

1.- Pagos realizados.

Neste trimestre o período medio de pago foi de 77 días.

Se comparamos os datos deste trimestre cos do 4º trimestre do exercicio 2015, tal e como se amosa nos seguintes cadros, o período medio de pago incrementouse neste primeiro trimestre de 2016 en 9 días e das 1.949 facturas pagadas neste trimestre unicamente o 25,91% (505 facturas) foron pagadas en prazo, disminuíndo nun 8,17% con respecto ó trimestre anterior:

EX. 2016	PMP legal	DIF.	%
1º TRIM.	77	9	13,24%

EX. 2016	PAGOS EN PRAZO				PAGOS FÓRA DE PRAZO				TOTAL PAGOS	
	Nº FRAS.	%	IMP.	%	Nº FRAS.	%	IMP.	%		
1º TRIM.	505	25,91%	989.879,92	22,66%	1444	74,09%	3.378.866,41	77,34%	1949	4.368.746,33

2.- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre.

O período medio do pendente de pago a 31.01.16 ten empeorado en 3 días con respecto ó trimestre anterior, atopándose en 62 días.

A información reflexada en relación coas facturas ou documentos xustificativos que constan como pendentes de pagamento ó final do trimestre, hai que sinalar que o 21,21% atópanse ó día da data pagadas ou está tramitándose o seu pago.

Con respecto ás 104 facturas que non tiveron entrada en tesourería para o seu pago, que supón a maioría (78,79%), descoñécese o motivo. Todo elo de conformidade co reflexado no seguinte cadro:

	IMP.P.LEGAL	Nº FRAS.	IMP.P.EXCEDIDO	Nº FRAS.	TOTAL	Nº FRAS.	%
PAGADES E/OU EN							
TRÁMITE DE PAGO	5.071,05	1	53.507,09	25	83.939,69	28	21,21%
DEVOLTAS A INTERV.	0,00	0	25.361,55	2	25.361,55	2	1,52%
SEN ENTRADA TESOR.	363.441,57	81	41.897,47	23	405.339,04	104	78,79%
TOTAL	368.512,62	82	120.766,11	50	489.278,73	132	100,00%

4.- Período medio de pago.

Calculado nos termos previstos no RD 365/2014 e, de conformidade cos datos obrantes na contabilidade municipal, os datos que salen son os seguintes:

EX. 2016	OP.PAGADAS				OP.PDTES.				PMP	DIF.	Total op.	Dif.
	RATIO	DIF.	IMP.	DIF.	RATIO	DIF.	IMP.	DIF.				
1º TRIM.	47,43	9,41	4.489.606,96	-2.068.598,31	40,34	23,10	5.841.150,26	250.662,60	43,42	14,96	10.330.757,22	-1.817.935,71

Se comparamos estes datos co trimestre anterior vemos que empeorou en 14,96 días o período medio de pago en termos económicos, aumentando a ratio das operacións pagadas en 9,41 días (atópase en 47,43 días) e aumentando tamén a ratio de operacións pendentes en 23,10 días (atópase en 40,34 días).

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Os prazos de pago das obrigas do Concello veñen recollidas no artigo 4 da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, modificado con posterioridade pola Lei 15/2010; e polo artigo 216.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público.

A Lei de loita contra a morosidade establece que o ámbito de aplicación son as operacións comerciais realizadas entre empresas, ou entre empresas e a Administración, de conformidade co disposto no Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSPP, en adiante).

Con data 24 de febreiro de 2013 entrou en vigor o Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego (BOE nº 47 de 23.02.2013) que, como xa foi sinalado, modificou novamente a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e o TRLCSPP, no seguinte sentido:

A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados.

Sen perxuízo do establecido nos artigos 222.4 y 235.1 do TRLCSPP, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e en algún dos documentos que rixan a licitación.

Ó día da data, a aplicación informática foi adaptada para a emisión do informe trimestral tendo en conta a modificación anteriormente sinalada, en consecuencia, hai que manifestar que a información contida no informe deste 1º trimestre de 2016 ten en conta como prazo legal de pago 60 días, 30 días dende a data de entrada no Rexistro xeral para o recoñecemento das obrigas e 30 días máis para o pago.

O cumprimento do período de pago tense convertido nunha compoñente da sustentabilidade financeira. A Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificada recentemente por Lei Orgánica 6/2015, de 12 de xuño (BOE nº 141 de 13.06.15), refírese en distintos apartados ao cumprimento do período de pago:

a) O artigo 13.6 recolle a obriga das Administracións Públicas de publicar o seu período medio de pago a provedores e de dispor dun plan de tesourería que incluíra información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa

sobre morosidade, plan que deberá actualizarse seguindo as instrucións do propio artigo cando o período medio de pago supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

b) No artigo 18.5 recolle a obriga da intervención de realizar o seguimento de que se cumpre o período medio de pago a provedores, e establece a previsión de que detectado que o período medio de pago supera en mais de 30 días o prazo máximo de pago previsto na normativa de morosidade durante dous meses consecutivos a contar da actualización do seu plan de tesourería de acordo co artigo 13.6 formulará unha comunicación de alerta a Administración que teña atribuída a tutela financeira das corporacións locais e a Xunta de Goberno local. A Administración que teña atribuída a tutela poderá establecer medidas que o Concello deberá adoptar de forma que lle permita xerar a tesourería necesaria para reducir o período medio de pago. De persistir a situación a Administración do Estado poderá proceder a retención de recurso derivados da participación nos tributos do Estado

.c) A disposición adicional primeira no apartado 8 prevé que de persistir a situación nas Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais (TRLFL) o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá determinar o acceso obrigatorio do Concello aos mecanismos adicionais de financiamento vixentes.

Por último con data 30 de xullo de 2014 no B.O.E. Nº 184 saíu publicado o RD 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira que establece:

1º. O período medio de pago en términos económicos, que á súa vez se atopa integrado polo período medio de pago global a provedores e o período medio de cada entidade, así como a publicidade de ditos indicadores e o seguimento que realizará o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Cap. II do antedito Real Decreto).

2º. A forma para a retención dos importes a satisfacer polos recursos dos rexímenes de financiamento das corporacións locais, as consecuencias asociadas ó incumprimento das obrigas de remisión de información así como as condicións das facturas do Concello para que sexan aboadas polo Estado ante un incumprimento do período máximo de pago a provedores (Cap. III do RD 635/2014).

Recentemente o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas modificou a aplicación informática de informes trimestrais de morosidade para adecuala ás últimas reformas legais aprobadas e á elaboración dunha nova guía para a súa cumprimentación. O informe que se presenta atópase adaptado ás novas instrucións.

CONCLUSIÓNS:

Primeira: Actualmente está aprobada a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións públicas segundo os criterios establecidos polo RD 365/2014, en vigor a día de hoxe, se ben estes parámetros son de aplicación a partir do terceiro trimestre de 2014 (DT única).

Segunda: Que o período medio de pago en términos económicos no 1º trimestre de 2016 atópase en 43,42 días, superando os 30 días establecidos no artigo 18.5 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira.

Terceira: O período medio de pago legal a 31.03.16 se atopa en 77 días (> 60 días esixidos).

Cuarta: O período medio do pendente de pago a 31.03.2016 ascendeu a 62 días, téndose empeorado con respecto ó trimestre anterior en 14 días.

Quinta: O Concello de Ferrol incumpre o período medio de pago en 13,42 días atopándose en 43,42 días e cun exceso de 17 días do período medio de pago en termos legais atopándose en 77 días, como

xa foi sinalado anteriormente. Hai que sinalar que neste 1º trimestre de 2016 non existitu ningunha **tensión de liquidez**, atendéndose ós pagos inmediatamente por orde cronolóxica da súa chegada á Tesourería municipal para o seu pago. É dicir, parece que se trata dun problema de retraso na xestión das facturas que, aínda que neste primeiro trimestre foron pagadas máis facturas (1.949) que no primeiro trimestre do ano anterior (1.435), o importe das mesmas foi notablemente inferior e case todas elas foron pagadas fóra de prazo (1.444 facturas que supón o 74,09%), tal e como pode ser observado no cadro seguinte:

PERÍODO	2.012		2.013		2.014		2.015		2.016	
	TOTAL PAGOS		TOTAL PAGOS		TOTAL PAGOS		TOTAL PAGOS		TOTAL PAGOS	
	Fras.	Imp.	Fras.	Imp.	Fras.	Imp.	Fras.	Imp.	Fras.	Imp.
1º TRIM.	27	226.665,21	1165	6.041.272,02	1159	5.578.150,01	1435	9.943.403,54	1949	4.368.746,33
2º TRIM.	1975	10.316.311,40	1038	6.009.287,61	1526	7.767.514,22	1329	4.597.781,22	0	0,00
3º TRIM.	732	4.448.201,66	1052	6.147.576,19	1065	6.511.369,05	2654	9.903.898,43	0	0,00
4º TRIM.	1079	6.017.032,08	1082	7.979.818,86	1463	7.473.238,03	1919	6.546.421,57		0,00
TOTAL	3813	21.008.210,35	4337	26.177.954,68	5213	27.330.271,31	7337	30.991.504,76	1949	4.368.746,33

O que poño en coñecemento da Concellería delegada da Área de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Ferrol, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

Ferrol, 11 de abril de 2016.
A tesoureira,

DILIXENCIA. Vistos os informes que preceden, dispoño que se proceda a súa presentación no vindeiro Pleno que se celebre.

Ferrol, 12 de abril de 2016
A Concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, por delegación da Alcaldía de 29.06.2015, BOP 09.07.2015.